

Praza número: 26/2081

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica da Matemática

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 652G02030 Resolución de Problemas en Matemática

652G02034 Practicum II

652G01031 Matemáticas e Xogo

652602223 Didáctica da Matemática para Profesorado de Educación Secundaria

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Agás no bloque IV (experiencia profesional) no que se actuará conforme ao alí establecido para as prazas de profesorado asociado:

Os méritos na especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes:

Álxebra; Análise Matemática; Estatística e Investigación Operativa; Xeometría e Topoloxía; Matemática Aplicada.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Tódolos puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Só se poderá presentar un máximo de cinco méritos, caso de que se presente un número maior, só se terán en conta os cinco primeiros méritos alegados.

Praza número: 26/2081

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica da Matemática

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 652G02030 Resolución de Problemas en Matemática

652G02034 Practicum II

652G01031 Matemáticas e Xogo

652602223 Didáctica da Matemática para Profesorado de Educación Secundaria

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os materiais ou libros de texto con finalidade docente universitaria propios da área de Didáctica da Matemática e ata catro autorías, valoraranse con 4 puntos, sempre e cando acrediten editoriais recoñecidas academicamente, universitarias ou con avaliacións externas e sistemas de indexación.

Nos materiais ou libros de texto con finalidade docente universitaria propios da área de Didáctica da Matemática e con máis de catro autorías, sempre e cando acrediten editoriais recoñecidas academicamente, universitarias ou con avaliacións externas e sistemas de indexación, a puntuación outorgada será o resultado de dividir catro entre o número de autorías.

Quedan excluídos expresamente deste apartado os volumes que recollan actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas. En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN.

Valoraranse con 0,1 puntos todos aqueles materiais e libros de texto que non estean deseñados para a docencia universitaria en materias da área de Didáctica da Matemática.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso).

Os proxectos docentes ou grupos de innovación docente orientados á docencia na área de Didáctica da Matemática valoraranse con 4 puntos.

Valorarase exclusivamente aqueles proxectos que teñan a innovación docente na área de Didáctica da Matemática como carácter principal e así conste expresamente na convocatoria ou na contratación dos mesmos.

Valoraranse co 0,1 puntos os proxectos docentes ou en grupos de innovación docente que non se atopen orientados á docencia na área de Didáctica da Matemática.

Praza número: 26/2081

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica da Matemática

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 652G02030 Resolución de Problemas en Matemática

652G02034 Practicum II

652G01031 Matemáticas e Xogo

652602223 Didáctica da Matemática para Profesorado de Educación Secundaria

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

As estadías centradas na docencia de duración superior a un mes en materias da área de Didáctica da Matemática valoraranse con 2 puntos.

Valorarase con 0,1 puntos aquelas estancias que non se encontren orientadas á docencia na área de Didáctica da Matemática.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Estadías de mobilidade docente STA ou similares en institucións de educación superior nacionais (máxima 1 punto por estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por estadía). As estadías de 15 días valoraranse ao 100%, e as demais proporcionalmente.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Para este mérito terase en conta a solvencia do xurado.

Os premios e recoñecementos docentes outorgados pola labor realizada en proxectos ou iniciativas relacionadas coa docencia na área de Didáctica da Matemática valoraranse con 2 puntos.

Valorarase con 0,1 puntos aqueles méritos que non estean directamente relacionados coa área de Didáctica da Matemática.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima:100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autorías da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios

Praza número: 26/2081

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica da Matemática

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 652G02030 Resolución de Problemas en Matemática

652G02034 Practicum II

652G01031 Matemáticas e Xogo

652602223 Didáctica da Matemática para Profesorado de Educación Secundaria

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

específicos de valoración serán os seguintes:

Valoraranse con 0,1 puntos os méritos que non están directamente relacionados coa área de Didáctica da Matemática.

Valorarase desfavorablemente a reiterada publicación de traballos nas mesmas revistas. Considerarase reiteración cando superen máis de dúas publicacións na mesma revista no mesmo ano. Neste caso, valorarase un máximo de dúas publicacións por revista no mesmo ano.

Tamén se valorará desfavorablemente a publicación reiterada de traballos en revistas ou editoriais pertencentes ao mesmo organismo onde a/o solicitante realiza a súa labor docente e/ou investigadora, ou en aquelas de cuxos comités de redacción forme parte a/o solicitante. Neste caso, só se valorarán dúas contribucións por ano e multiplicarase a puntuación correspondente por 0,5.

Se a publicación ten máis de 4 autorías, a puntuación dividirase entre o número de autorías.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Coeficiente multiplicador de 0,5 se non se trata dunha editorial internacional de recoñecido prestixio.

Valoraranse con 0,1 puntos os méritos que non están directamente relacionados coa área de Didáctica da Matemática.

Valorarase desfavorablemente a reiterada publicación de traballos nas mesmas editoriais. Considerarase reiteración cando superen máis de dúas publicacións na mesma editorial no mesmo ano. Neste caso, valorarase un máximo de dúas publicacións por editorial no mesmo ano.

Tamén se valorará desfavorablemente a publicación reiterada de traballos en

Praza número: 26/2081

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica da Matemática

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 652G02030 Resolución de Problemas en Matemática

652G02034 Practicum II

652G01031 Matemáticas e Xogo

652602223 Didáctica da Matemática para Profesorado de Educación Secundaria

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

editoriais pertencentes ao mesmo organismo onde a/o solicitante realiza o seu labor docente e/ou investigadora, ou naquelas de cuxos comités de redacción forme parte a/o solicitante. Neste caso, só se valorarán dúas contribucións e multiplicarase a puntuación correspondente por 0,5.

Se a publicación ten máis de 4 autorías, a puntuación dividirase entre o número de autorías.

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase o número de autorías, o carácter nacional ou internacional do congreso, e o carácter da contribución, sexa relatorio por invitación, comunicación oral ou comunicación póster, acorde á seguinte táboa:

	Conferencia Plenaria	Comunicación oral	Póster
Congreso/Xornada/etc. internacional	0,5	0,25	0,1
Congreso/Xornada/etc. nacional	0,3	0,15	0,1

Valorarase con 0,1 puntos os méritos que non estean directamente relacionados coa área de Didáctica da Matemática.

Valorarase desfavorablemente a reiterada publicación de traballos na mesma reunión científica. Considerarase reiteración cando superen máis de dúas contribucións nunha mesma edición dunha reunión científica. Neste caso, valorarase un máximo de dúas contribucións por edición de reunión científica.

Tamén se valorará desfavorablemente a publicación reiterada de contribucións en reunións científicas organizadas polo mesmo organismo onde a/o solicitante

Praza número: 26/2081

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica da Matemática

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 652G02030 Resolución de Problemas en Matemática

652G02034 Practicum II

652G01031 Matemáticas e Xogo

652602223 Didáctica da Matemática para Profesorado de Educación Secundaria

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

realiza a súa labor docente ou investigadora, ou naquelas de cuxos comités (organizador, científico) forme parte a/o solicitante. Neste caso, só se valorarán dúas contribucións e multiplicarase a puntuación correspondente por 0,5.

Se a contribución ten máis de 4 autorías, a puntuación dividirase entre o número de autorías.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. O criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase con 0,1 puntos os méritos que non estean directamente relacionados coa área de Didáctica da Matemática.

Na Coruña , a 29 de abril do 2026

A presidencia da comisión

Ana Iglesias Galdo